

*Orde do de novembro de 2022 pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2022 pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (código de procedemento ED013A)*

Mediante a Orde do 26 de outubro de 2022 convocouse concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (código de procedemento ED013A).

Unha vez publicada a Orde no *Diario Oficial de Galicia* advertiuse que no anexo III correspondente ás prazas vacantes que se convocan neste concurso específico non figuraban neste dúas prazas que deben ser convocadas por estar vacantes. Así mesmo, figuran dúas prazas cuxo centro base é o que figura como compartido neste mesmo anexo. Así, cómpre modificar o Anexo III da Orde do 26 de outubro de 2022 para engadir prazas vacantes e modificar o centro base de dúas prazas vacantes.

Por esta razón, resulta razoable proceder á ampliación do prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria do concurso específico por un prazo de cinco (5) días hábiles consonte co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao considerar que as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiras persoas. Esta ampliación permite que as persoas que xa formularon solicitude no prazo transcorrido ata a modificación desta orde poidan reconsiderar as peticións formuladas na súa solicitude e formular unha nova solicitude ou que aquelas persoas que non tiveran formulado solicitude con anterioridade poidan formulala a teor das prazas que se engaden ou da modificación do centro base dalgunha destas prazas. En todo caso, a ampliación do prazo de presentación de solicitudes ten lugar antes do vencemento do prazo tal e como se preceptua no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que establece que en ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido.

Na súa virtude esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

RESOLVE:



Artigo 1. *Modificación da Orde do 26 de outubro de 2022 pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (código de procedemento ED013A).*

Aprobar a modificación da Orde do 26 de outubro de 2022 pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (código de procedemento ED013A) nos seguintes termos:

Un. Modifícase a base sexta que queda redactada do seguinte xeito:

“O prazo de presentación de solicitudes do concurso específico, mediante o procedemento normalizado ED013A, será de 20 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas e os seus termos terán carácter vinculante para as persoas solicitantes. Así mesmo, tampouco se admitirá ningunha documentación complementaria alegada mediante o procedemento ED011A, de conformidade co establecido na epígrafe 2 da base quinta, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes do concurso específico.”

Dous. Modifícase o Anexo III para modificar e engadir as seguintes prazas:

Centro base	Localidade	Centro compartido	Localidade	Centro/s adscrito/s	Localidade
15021524 CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	15027393 CEIP Xesús San Luis Romero	Carballo		
15023077 CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	15024896 CEIP Plurilingüe de Nétoma-Razo	Carballo		
15032571 CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón	15018471 CEIP de Ortigueira	Vedra		
15025487 CEIP Campomaior	Ordes				

Tres. Modifícase o Anexo IV para eliminar a seguinte praza:

Centro base	Localidade	Centro compartido	Localidade	Centro/s adscrito/s	Localidade
15025487 CEIP Campomaior	Ordes				

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

INSÍRASE NO DOG

